

**Resolución do 9 de xaneiro de 2012, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos, convocado pola orde do 27 de xullo de 2011 (DOG núm. 144, de 28 de xullo), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo.**

En sesión que tivo lugar o día 9 de xaneiro de 2012, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de novembro de 2011 modificada pola Orde do 12 de decembro para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos, acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.6 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 22 de febreiro de 2012, na facultade de Dereito de Santiago de Compostela, no Salón de Actos, en chamamento único que se iniciará ás 16:00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ás aulas nas que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2012

XUNTA DE GALICIA

O presidente do tribunal

PROCESO SELECTIVO

SUBGRUPO A - 1

TRIBUNAL

ENXENEIROS/AS

CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

Gerardo Pallares Sánchez

